



AO EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA,
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE
GALICIA.

**ASUNTO: Solicitud de cesamento do Delegado Territorial de Educación
na Coruña**

Excmo. Sr.:

Desde ANPE Galicia dirixímonos a esta Consellería para trasladar a nosa profunda preocupación e rexeitamento ante o recente nomeamento de D. Santiago Freire como Delegado Territorial de Educación na provincia da Coruña.

Consideramos que dito nomeamento non responde aos principios de idoneidade, mérito e adecuación ao ámbito educativo que deben rexer a designación dun cargo desta responsabilidade.

A ausencia dunha traxectoria profesional vinculada ao sistema educativo xera serias dúbidas sobre a súa capacidade para afrontar os retos específicos do ámbito educativo galego.

Así mesmo, teñen transcendido diversas manifestacións públicas atribuídas ao citado responsable que resultan incompatibles cos valores de igualdade, respecto e convivencia democrática que deben inspirar o funcionamento do noso sistema educativo e que o profesorado traballa diariamente nas aulas.

A figura do Delegado Territorial de Educación debe ser un referente institucional que contribúa a xerar confianza, cohesión e respecto dentro da comunidade educativa e debe contar, desde o noso punto de vista cun contrastado perfil profesional no eido educativo. Neste sentido, entendemos que a situación actual dificulta gravemente ese obxectivo.

Por todo o exposto, **solicitamos o cesamento inmediato** de D. Santiago Freire no cargo de Delegado Territorial de Educación na Coruña, en aras de preservar a credibilidade institucional e o adecuado funcionamento do sistema educativo.

Atentamente,

Julio César Trashorras de la Fuente
Presidente de ANPE Galicia
Lugo, a 20 de marzo de 2026.